



CONCELLO DA LAMA  
DEPARTAMENTO DE  
URBANISMO

# CP-004

COMUNICACIÓN PREVIA DE  
OBRA MENOR

Selo do rexistro

## 1.DATOS DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Nome e apelidos/Razón social:..... NIF/DNI/NIE:.....  
 Nome e apelidos do representante: ..... NIF/DNI/NIE:.....  
 Dirección de notificación:..... Código Postal:.....  
 Localidade:..... Provincia:..... Teléfono:.....  
 Correo electrónico:.....

## 2.LOCALIZACIÓN DA PARCELA OU EDIFICACIÓN

Localización:..... Código Postal:.....  
 Referencia Catastral:.....

## 3.DATOS DAS OBRAS

Descrición:..... Superficie Total:.....m2  
 ..... Presuposto:.....€

DECLARA BAIXO A SUA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE que e certo o que manifesta, e , en todo caso,:

- Que as características indicadas reflicten fielmente as obras a realizar.
- Que as obras solicitadas non afectan ao volume da cuberta, nin a súa estrutura, nin supoñen aumento da superficie construída.
- Que as obras solicitadas non están suxeitas a licenza municipal previa de conformidade co artigo 194.2 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
- Que as obras se limitan a substitución dos elementos en mal estado por outros novos de iguais ou similares características.
- Que non se afecta a estrutura do inmovible nin as súas instalacións ou elementos comúns.
- Que a edificación non esta suxeita a ningún tipo de catalogación.
- Que se respectaran as normas de boa construción, convivencia cidadá e respecto polo descanso dos veciños.
- Que non se van realizar obras suxeitas ao deber previo de obtención de licenza.
- Que conta coas autorizacións para a ocupación do dominio publico ou sectoriais que resulten necesarias.
- Que achega toda a documentación preceptiva.

AUTORIZA, aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta administración a comprobación telemática con outras Administracións Publicas de datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actividade a desenvolver.

E COMUNICA que iniciara as obras a partires do dia .....(A comunicación deberá realizarse cunha antelación mínima de 15 días hábiles).

A Lama .....de.....de 20.....

Sinatura do solicitante

ADVIRTESELLE QUE consonte co disposto no artigo 26 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda imponer por tales feitos". Así mesmo, "a resolución administrativa que constata as circunstancias ás cales se refire o parágrafo anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia de responsabilidades, e poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un período de tempo determinado de entre tres meses a un ano"

## OBRAS SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA

### Mantemento de partes non edificables de parcelas e solares:

- Limpeza e desbroce interior de parcelas e solares, sen movementos de terras nin corta de arboredo.
- Reparación de peches de parcelas sen afeccións estruturais.
- Construción de peches e valados de parcelas e soares sen afeccións estruturais.

### Mantemento de fachadas dos edificios:

- Reparación e substitucións de elementos auxiliares da cuberta (canelóns, baixantes e varandas)
- Limpeza e pintado de fachadas.
- Cambio de carpintería exterior, persianas, varandas ou similares.

### Mantemento de cubertas dos edificios:

- Substitución de material de cubertas ou terrazas.

### Mantemento e actualizacións das instalacións dos edificios:

- Substitucións de instalacións privativas de vivenda ou local (auga, gas, electricidade ou similar)
- Novas instalacións non encaixadas en elementos estruturais (vigas, pilares, paredes mestras, etc.)
- Mantemento de instalacións comúns do edificio (ascensor, caldeiras, etc.)

### Mantemento dos acabados interiores dos edificios:

- En paredes, solos e falsos teitos.
- Reformas en cociñas ou baños que non modifiquen as divisións interiores.

### Mantemento en vivendas existentes:

- Reformas que modifiquen a distribución interior sen afectar a estrutura do edificio.

### Outras Obras:

- .....

**EXCEPTO**, cando ditas obras se atopan en edificios incluídos no Catálogo de Edificios, Bens e Elementos Protexidos das NN.SS.MM vixentes ou calquera outro catálogo.

## DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS SOLICITANTES

### 1. DOCUMENTACIÓN XERAL

- Datos identificativos do solicitante:**
  - **Persoas físicas:** DNI (ou documento que faga as súas veces). Os que comparezan ou asinen en representación doutro, acompañarán ademais un documento que acredite debidamente devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable).
  - **Persoas xurídicas:** DNI do representante e documentación acreditativa da representación e Escritura ou documento de constitución e/ou Estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.
  - **Comunidade de Propietarios:** DNI (ou documento que faga as súas veces) do presidente. No caso de que a solicitude a realice o administrador da Comunidade, DNI do administrador e documento que acredite debidamente a súa representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable). Ademais acta do nomeamento do presidente ou acta da reunión de propietarios acordando a realización das obras.
- Documento de Autoliquidación da taxa correspondente**

### 2. OUTRA DOCUMENTACIÓN

- Plano de situación e localización a escala mínima 1:2000 e 1:500 respectivamente.
- Presuposto desglosado da obra ou actuación a realizar.
- Reportaxe fotográfica da fachada da edificación e da zona da obra subscrita pola persoa solicitante.
- Nos casos de obras en fachadas que necesiten andamios: Certificado de técnico/a competente no que se indique que a colocación dos andamios se fai baixo a súa dirección e que reunirán as debidas condicións de seguridade unha vez instalados.
- Copia das **autorizacións e informes sectoriais preceptivos**, e manifestación expresa de que conta cos necesarios.
- No caso de presentar documentación técnica: Declaración responsable (ou certificado colexial) do técnico competente no que figuren os seus datos persoais e profesionais de xeito que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.